Bechir Yazidi | Historiador do exilio republicano

"Os exiliados de Túnez crían que se castigaría a Franco"

"Non houbo un Nüremberg para o ditador"



ENTREVISTA
DANIEL PRIETO
GALICIA
galicia@xornaldegalicia.com

O historiador Bechir Yazidi (Túnez, 1952) impartiu onte unha conferencia na Facultade de Xeografía e Historia sobre o exilio republicano en Túnez, organizada polo proxecto da USC *Nomes e Voces*. Este episodio era case descoñecido para os investigadores ata que o estudoso tunecino publicou o ano pasado o seu libro *O exilio republicano en Túnez*.

Que é o que non sabiamos en España sobre o exilio republicano en Túnez?
O que único se sabía era que a maioria da flota republicana partiu de Cartaxena en 1939, ao remate da Guerra Civil, e máis de 4.000 españois chegaron a Túnez. Pero nada máis. Porque en España non existe documentación sobre este tema. Ata que investiguei as actividades financieiras dos españois alí non se sabía nada deste episodio.

Que actividades desenvolveron os republicanos en Túnez?
Desde marzo de 1939 ata finais dos anos 50, coa independencia de Túnez, os republicanos realizaron diversas actividades exconómicas. Integráronse no tecido socioeconómico tunecino e dedicáronse á agricultura e á industria, principalmente. A súa participación foi moi positiva porque trouxeron oficios moi diversos como albaneis, labregos ou ferreiros. E a administración colonialista francesa incentivou a especialización para realizar programas de desenrolo económicos.

Onde se asentaron?
A zona máis coñecida, onde é posible rastrexar a súa pegada, é na cidade de Kasserine. Antes da chegada dos republicanos era unha aldea insignificante, e coa axuda da administración transformouse nunha cidade moderna. Todo o que existe nese lugar foi realizado polos españois. Incluso hai un barrio que se chama A Fábrica, que era o lugar onde vivían e traballaban os españois, entre os que se atopaban moitos galegos, e un cemiterio español que por desgraza está bastante deteriorado.

Pero os comezos foron difíciles, supoño.
A vida dos refuxiados nos campamentos foi moi problemática ao comezo. Os ancianos da zona aínda lembran vellas historias sobre esa época, moitos nomes e vivencias. Atopei numerosos testemuños que non querían falar deses tempos, porque tamén en Túnez continúa sendo un tema tabú.

Como viviron a guerra desde fóra?
Eles tiñan presente que a súa estadía africana non era definitiva e agardaban volver á España republicana e democrática. Crían que co remate da Segunda Guerra Mundial e o triunfo dos aliados Franco ía ser castigado, pero non contaban con que iso non ocorrería. O ditador era un aliado precioso para os americanos, que plantaron en España as súas bases militares. Non houbo un Nüremberg para Franco. Os republicanos regresaron todos á súa terra despois de 1950. Coido que sería moi boa idea unha colaboración entre os Gobernos español e tunecino para realizar unha especie de memorial en condicións e honrar a memoria destes republicanos. ■



Bechir Yazidi, onte en Santiago XdG

En 1939, uns 4.000 republicanos chegaron exiliados ao país africano

A Fegamp considera os fondos locais unha "lotería" que "toca a todos"

REDACCIÓN
GALICIA
galicia@xornaldegalicia.com

O delegado do Goberno en Galicia, Antón Louro, asegurou onte que o Goberno central "flexibiliza" a execución de investimentos do novo fondo do PlanE "que contará con 5.000 millóns de euros en España" e a "adapta" ás "necesidades e demandas" que "foron formuladas" polos concellos. Pola súa banda, o presidente da Fegamp, Carlos Fernández asegurou que estos fondos son unha "lotería que toca a todos".

Louro explicou que os concellos teñen "dificultades económicas" para o seu "funcionamento" e que, a través das federacións de municipios nas que se agrupan, trasladouse a proposta de destinar o 20% dos fondos para gasto corrente e para programas de interese social. Segundo sinalou, o 80 % restante destínase a proxectos de investimento.

O delegado do Goberno explicou que esta nova partida económica reserva para os 92 concellos de Ourense 36 millóns de euros distribuídos en función do número de habitantes, o que representa un 12% do importe total asignado a Galicia, que é de 301 millóns. Deste diñeiro poderán reservarse 7 millóns a gastos correntes derivados da prestación de servizos sociais.

Pola súa banda, o presidente da Fegamp destacou a "universalidade" dos fondos porque o "20% dos investimentos que un concello reciba poida destinarse a gastos correntes". ■

El Gobierno asegura carecer de noticias sobre el 'Alakrana'

S.DAPENA/REDACCIÓN
GALICIA
galicia@xornaldegalicia.com

Un mes y tres días después de que se produjese el secuestro del atunero vasco *Alakrana* –con ocho marineros gallegos– en aguas próximas a Somalia, el Gobierno reitera que no tiene ningún tipo de información sobre el estado de las negociaciones. Mientras tanto, el juez ha ordenado el ingreso en prisión del presunto pirata Abdu Willy, tras esperar varias semanas mientras los técnicos intentaban averiguar la edad del secuestrador para poder juzgarlo.

Fuentes de la Vicepresidencia primera del Ejecutivo central aseguraron ayer a Xornal de Galicia que "de momento" no saben nada de cómo transcurren las conversaciones para liberar a los 36 marineros de su cautiverio a manos de los piratas. "No tenemos ninguna información", dicen. Idéntica respuesta es la que dan en el Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.

Tampoco los representantes de la empresa propietaria del *Alakrana*, Echebaster Fleet, parecen conocer los posibles avances en las negociaciones. Lo único que se sabe es que el armador es el que se está encargando de mantener contactos con los intermediarios.

Después de haber pasado la barrera del mes de cautiverio, las instituciones todavía no tienen claro si la liberación del pesquero está próxima. Lo que sí es ya una realidad es el ingreso en prisión de uno de los dos supuestos piratas apresados por la fragata *Canarias* (enrolada en la operación Atalanta, de protección en el Océano Índico). El juez Santiago Pedraz ordenó ayer su ingreso en la cárcel, tras ser declarado mayor de edad por los técnicos.

Las últimas pruebas realizadas a Abdu Willy dan como resultado que es "mayor de 18 años" por lo que tendrá que cumplir un período en prisión al estar acusado de 36 delitos de detención ilegal, asociación ilícita y robo con violencia y uso de armas.

El somalí, que salió de Alcalá-Meco (Madrid) el 20 de octubre después de que Pedraz se inhibiera en su caso por considerarlo menor y sufrió un complejo periplo por los juzgados madrileños, volverá así al módulo de jóvenes del centro.

Por otra parte, el sector atunero francés defendió ayer que el embarque de 60 militares a bordo de los buques europeos que faenan en el Índico sería suficiente para defender a toda la flota comunitaria. En este sentido, uno de los representantes de los empresarios, Michel Goujon, advirtió de los "riesgos" que supone llevar seguridad privada "sin formación específica". ■